



**PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO EN PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022 (BOP núm.120, DO 27.05.2022) APARTADO 1B - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO)**

Nº PRAZAS	1
DENOMINACIÓN	TÉCNICO/A MEDIO/A MICROINFORMÁTICA E REDES
GRUPO/SUBGRUPO	C - C1
CLASIFICACIÓN	ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS AUXILIARES
RÉXIME XURÍDICO	FUNCIONARIAL
SISTEMA SELECTIVO	CONCURSO - OPOSICIÓN
ACCESO	LIBRE
COTA	XERAL

**1.- ACREDITACIÓN DE MÉRITOS (BASE XERAL 10)**

Non habendo alegacións á fase de oposición, procédese a comezar o trámite de acreditación documental dos méritos da persoa aspirante que superou a fase de oposición (ver punto 3 do anuncio publicado en data 07.02.2024).

**1.1.- MÉRITOS QUE DEBERÁN ACREDITARSE DOCUMENTALMENTE**

Deberá presentar as acreditacións documentais dos méritos relacionados na súa solicitude de participación no proceso selectivo.

**Os méritos non relacionados na solicitude non serán tidos en conta polo Tribunal (Base 10.1.3)**

**1.2.- PRAZO PRESENTACIÓN**

O prazo será de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio na páxina web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH).

**1.3.- FORMA DE ACREDITACIÓN**

As acreditacións deberán realizarse cos documentos que se sinalan para cada un dos apartados do baremo.

**Os méritos non acreditados como se establecen nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal (Base 10.1.3).**

**1.4.- LUGAR DE PRESENTACIÓN**

**Presentación telemática.** Acceder ao expediente electrónico da solicitude de participación do proceso selectivo, a través da sede electrónica da Deputación de Lugo, e incorporar as acreditacións, que deberán ser documentos orixinais con código de verificación en formato PDF.

**Presentación no Rexistro Xeral da Deputación.** Deberá personarse cos documentos orixinais para realizar copia auténtica e incorporalos á solicitude de participación.

**1.5.- MÉRITOS QUE SE INCORPORARÁN DE OFICIO POLA ENTIDADE**

Ao obxecto de que non se presenten méritos que xa obren en poder da entidade, incorporárase de oficio á solicitude de participación do proceso selectivo:

- A certificación de servizos prestados que acredite a experiencia na entidade.
- A ficha formativa coa relación dos méritos que figuran acreditados no seu expediente formativo.

Os dous documentos deberán revisarse e validarse mediante a sinatura da persoa interesada, que deberá incorporalos novamente á solicitude de participación.

O resto de méritos deberán acreditarse tal e como se sinala no apartado 1.3.

**O SECRETARIO DO TRIBUNAL,**

O presente documento estará  
exposto no Taboero de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 14-02-24  
ata a día 26-02-24  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

*P.O.*

	IV7W3WTLIPOVH6MSJN5KYSTDY	Fecha y Hora	14/02/2024 15:25:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W3WTLIPOVH6MSJN5KYSTDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W3WTLIPOVH6MSJN5KYSTDY</a>	Página	1/1

